

## Vantaxes da xornada única

- Mellora as condicións para o rendemento académico xa que o horario de clases se corresponde cos momentos de maior concentración.
- Mellora as condicións para o estudo e traballo persoal na casa.
- Favorece a mellor distribución do horario lectivo.
- Conséguese máis tempo para o xogo e actividades extraescolares.
- Garante o uso da biblioteca escolar como lugar de estudo e consulta fóra das horas de clase.
- Posibilita unha mellor planificación de actividades do profesorado e facilita a participación en actividades de formación.
- Posibilita a elección das actividades extraescolares por parte das familias

## Distribución horaria

Horas	Sesións	Tempo
9:35-10:30	1ª	55 min
10:30-11:25	2ª	55 min
11:25-12:15	3ª	50 min
12:15-12:45	recreo	30 min
12:45-13:40	4ª	55 min
13:40-14:35	5ª	55 min
14:35-15:35	Comedor	1 hora
15:45	Saída do transporte	
16:00-17:00	Actividades Extraescolares	

Para os alumnos e alumnas de E. Infantil poderanse facer dous pequenos recreos, en función das necesidades dos distintos grupos.

**Evolución da xornada única nos centros de ensino.** →

Provincia	Curso 2002-03	Curso 2009-2010
A Coruña	213	354
Lugo	14	30
Ourense	11	25
Pontevedra	298	400



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



**Gregorio SANZ**

Avda. de Luarca s/n  
27700 -RIBADEO (Lugo)  
Teléfono/Fax: 982 128848  
[ceip.gregorio.sanz@edu.xunta.es](mailto:ceip.gregorio.sanz@edu.xunta.es)

**CURSO 2010-2011**



**PROXECTO  
DE  
XORNADA  
ÚNICA**

## **En que consiste a xornada única de mañá?**

En desenvolver a xornada escolar só en sesión de mañá , sen interrupción e de forma continuada.

## **Que horario se propón?**

- ✓ De 9:35 a 14:35 para o desenvolvemento das clases.
- ✓ De 14:35 a 15:35 para xantar.
- ✓ Ás 15:45 Saída dos transportes
- ✓ De 16:00 a 17:00 para actividades extraescolares



## **Por que a solicitamos ?**

Como resposta á petición de numerosas familias do noso centro, da ANPA e do Claustro.



## **Que proceso se segue para a implantación da xornada única?**

- ✓ A Orde do 29 de maio de 2008 (DOG do venres, 6 de xuño de 2008) regula o procedemento

### **Requisitos:**

- ✓ Acordo favorable por maioría dos tres quintos do claustro.
- ✓ Acordo favorable por maioría dos tres quintos do consello escolar.
- ✓ Informe favorable do Servizo de Transportes da delegación provincial.
- ✓ Acordo favorable do 58 % do total do censo das nais, pais ou titores legais do alumnado (computarase, a efectos de censo, a nai ou o pai ou un dos titores legais).
- ✓ Plan de actividades extraescolares.

## **Que cambia coa implantación da xornada única?**

O cambio fundamental é o horario escolar: desenvólvese nunha soa sesión matinal de 5 horas lectivas.

Ademais:

- ✓ Distribúe máis equitativamente o tempo de docencia de todas as áreas.
- ✓ A biblioteca do centro estará aberta de 16:00 a 17:00; agás os martes, e haberá dous profesores/as ao cargo do centro.

## **Que permanece invariable?**

- ✓ O número de sesións lectivas: cinco ao día, con 30 minutos de recreo.
- ✓ Os servizos complementarios do centro: transporte escolar e comedor.
- ✓ A organización das actividades extraescolares a cargo da ANPA
- ✓ A organización escolar en xeral.